Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadahía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





1. Cabeceiras dos Carreiros (Antas de Ulla)

SÓ NA ULLOA PERMANECEN ACTIVOS E ÚTILES OS HÓRREOS MÁIS PRIMITIVOS DO SUR DE EUROPA, AS CABECEIRAS. CÓMPRE QUE AS ADMINISTRACIÓNS SE DECATEN DO SEU VALOR ETNOGRÁFICO E FAGAN POLA SÚA PROTECCIÓN

CABECEIRAS, OS HÓRREOS DOS POBRES

/CRISTINA VARELA CADAHÍA

Cando pensamos nun hórreo, o primeiro que nos vén á cabeza son as construcións rectangulares de pedra e madeira, ou só de pedra, que se empregan para gardar o millo e que, debido ao seu porte, tamaño e emprazamento, non soen pasar desapercibidas aos ollos de ninguén. Son os máis comúns, a gran maioría, pero non os únicos. Resistindo ao paso do tempo e ao esquecemento, resistindo á perda de poboación no rural, á morte do minifundismo e ao uso das agriculturas extensivas, resistindo, en definitiva, ao xiro dos tempos, na Ulloa e noutros poucos lugares de Galicia e o norte de Portugal aínda se poden ver exemplares dos hórreos máis primitivos do sur de Europa: as cabeceiras. Este artigo foi escrito co obxectivo cumprir con tres premisas. En primeiro lugar pretende recompilar a escasa bibliografía existente sobre os hórreos de corres, tentando aglutinar as contribu-

cións de cada un dos autores e ao mesmo tempo facer unha revisión do exposto por eles. En segundo lugar, dar cabida á recollida de datos extraídos do traballo de campo feito pola autora dentro da comarca da Ulloa e os concellos limítrofes. Por último, facer unha análise do estado actual das cabeceiras vistas como patrimonio etnográfico singular da comarca da Ulloa, expoñendo a necesidade de implicar ás institucións e a outros axentes socias na salvagarda deste patrimonio.

O OBXECTO E O SEU NOME

O obxecto é similar en todos os lugares da nosa xeografía o que fai que a súa descrición sexa sempre coincidente, independentemente dos autores da mesma. Velaquí a miña: hórreo vexetal, maiormente de planta circular, no que as paredes son feitas con corres[1] de distintas árbores ou arbustos tecidas empregando técnicas de cestería, e que se remata cunha cuberta cónica tamén vexetal. Ata aquí non hai ningunha dúbida. As discrepancias comezan cando hai que darlle nome, xa que a riqueza da nosa lingua fai que coexistan moitas formas, sexan produto de sinxelas variacións fonéticas, ou palabras máis complexas derivadas de diferentes raíces. Se nos atemos á normativa, os nomes recollidos pola Real Academia Galega son cabaceira, cabaceiro, cabazo, cabaz e canastro. Estes cinco nomes son só unha pequena parte das variantes recollidas polos dous autores que máis amplamente estudan o tema do léxico nos hórreos: Begoña Bas[2] e Elixio Rivas[3]. No estudo que a etnógrafa Begoña Bas fai en 1980, recolle 12 denominacións diferentes para «os hórreos de pólas entretecidas». Son estas: bergueiro, cabaceira, cabaceiro, cabazo, cabeceira, cabeceiro, cabiceira, calabozo, canastro, canasto, palleiro e piorno. Ao seu traballo engade varios mapas nos que sitúa as zonas onde se empregan algúns deses termos, deixando sen especificar o lugar onde se lles chama bergueiro, calabozo, palleiro e piorno. O traballo do filólogo Elixio Rivas foi publicado en 1996. Nel estuda, por unha parte, a orixe filolóxica de cada un dos nomes, e por outra expón os datos de distribución dos termos recollidos nun amplo e detallado estudo de campo que abranxe o territorio de Galicia, o norte

[1] As corres, chamadas tamén corras, son varas feitas dos brotes que saen dun tronco ou cepa nai, ben sexa de árbore (castiñeiro, carballo, bídalo, salgueiro...), ben dun arbusto (xesta, silva, sanguiño...). Poden estar peladas, é dicir, sen casca, ou sen pelar. Para as cabeceiras empréganse sen pelar.

[2] Bas López, B., 1980: «Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía,* vol. 7, pp. 183-202

[3] Rivas Quintas, E., 1996: *Millo e hórreo. Legumia e cestos*. Santiago de Compostela. Edicións Laiovento. pp. 111-118, 155-160 e 239-258



2. Mapa Galicia
distribución dos nomes





3. Celeiros en Ambaca–Loanda (Angola). Fotografía recollida na lámina XI en *Hórreos y palafitos de la Peninsula Ibérica,* Eugeniusz Frankowski, 1918

4. Celeiros nun poboado de Luanda, Angola. Postal de 1963

de Portugal e o occidente asturiano. No estudo de Rivas non aparecen os termos bergueiro, calabozo e piorno, e pola contra engade sequeiro, cabozo, cacipo, cabana e os empregados no norte de Portugal: caniço, caínzo, palheira, palheiro, caniceiro e caniceira.

No mapa anterior mestúranse os datos recollidos polos dous autores colocando os distintos nomes nas zona de Galicia, Portugal e Asturias en que se empregan, sempre referíndose aos hórreos vexetais tecidos con corres, con independencia de que estes sexan circulares ou rectangulares. Visualmente pode apreciarse como é a zona do interior de Galicia a que emprega os nomes cabeceira/cabeceiro, cabaceira/cabaceiro, sendo cabeceira o máis usado dentro da Ulloa segundo eu mesma puiden constatar[4], e sendo o que empregarei en todo o meu estudo. O termo cabazo/cabozo é utilizado maioritariamente en Asturias e a franxa litoral galega dende a Mariña Lucense ata a Costa da Morte. Por último, o termo canastro e o máis empregado na provincia de Ourense.

A maioría dos autores[5] distinguen, ademais, entre a cabeceira circular e a de planta rectangular, chamándolles cabazo ao primeiro e cabaceira ao segundo. Na realidade non existe esa diferencia, salvo en zonas moi concretas, como é en Poio (Pontevedra), onde as circulares son cabanas e as rectangulares palleiras, e en Sobrado dos Monxes (A Coruña), onde as redondas son canastos e os alongados cabaceiros.

A ORIXE DAS CABECEIRAS

Mentres que etnógrafos e historiadores discrepan sobre a orixe do actual hórreo[6], rectangular e de pedra, todos aceptan a premisa

de que as cabeceiras son a forma de celeiro máis antiga existente na actualidade. A creación de silos para almacenar alimentos atópase vencellada á aparición das primeiras sociedades agrícolas e á súa necesidade de gardar e manter a salvo os excedentes da colleita. Aínda que é sabido que estes primeiros agricultores apareceron sobre o 10000 A.C. na zona mesopotámica, hai que subliñar que en Galicia non se xeraliza ata o cuarto milenio antes de Cristo[7]. Os rexistros arqueolóxicos falan de que é tamén nesta época cando fai a súa aparición a cestería[8], como complemento necesario para a creación de recipientes adecuados para a almacenaxe. Temos así dous dos elementos necesarios para que sexa posible a aparición das cabeceiras: a técnica para crealas e a funcionalidade do obxecto. Pero, ¿que diferencia a unha cabeceira dunha cesta grande? Pois que está afastada do chan, elevada sobre este e encaixada nunha base que a mantén a salvo dos dous peores inimigos de moitos alimentos: a humidade e os ratos.

Outro dos puntos claves para explicar a orixe prehistórica dos celeiros vexetais suspendidos sobre o chan é a facilidade coa que podemos atopar o rastro de construcións deste tipo en todas as partes do mundo, sempre nun contexto relacionado con culturas agrícolas primitivas en medios naturais húmidos. En Europa, feitos de varas entretecidas, aínda que con base rectangular, hainos en Albania, Serbia, Bosnia, Moldavia, Bulgaria, na rexión romana de Walaqui e nas Illas Féroe (Dinamarca). En Asia, están presentes na península de Kamchatka (Rusia), en Filipinas, en Sumatra e en Java. En Oceanía poden verse nas Illas Célebes (Indonesia) e en Nova Guinea, onde tanto casa como celeiros de determinadas poboacións indíxenas son feitos con materia vexetal e teñen a particularidade de estar levantados sobre catro piares cos que se elevan sobre o chan. En África son frecuentes na zoa central e sur, coincidindo coas rexións de sabana habitadas polos pobos cazadores/recolledores/agrícolas, sendo particularmente interesantes os de Angola e Madagascar.

En América, no estado de Morelos (Méjico) existe unha estrutura similar á cabeceira que se emprega para gardar o

[4] De feito non atopei quen empregue cabaceira/cabaceiro, aínda que si hai quen di cabeceiro.

[5] García Florez, Rodríguez Castro-Rial, Caamaño Suárez, Lorenzo Aspres, De Llano Cabado.

[6] Entre as teorías está a orixe romana, baseándose na etimoloxía latina da palabra *horeum*, e a teoría posromana, atribuíndo á chegada e asentamento dos suevos, no século V, a introdución do modelo rectangular de hórreo.

[7] Bello Diéguez, J.M. e De la Peña Santos, A. (1995): *Galicia na prehistoria*, Tomo I, Vía Láctea Editorial, A Coruña.

[8] As fibras vexetais desaparecen e é a pegada que deixan os cestos na arxila o material arqueolóxico que pode ser estudado. No xacemento de Atapuerca restos deste tipo foron atopados no estrato correspondente ao Neolítico de El Portalón, isto é o IV-V milenio antes de Cristo.



5. Partes dunha cabeceira

millo. Chámase *«cuezcomate»,* unha supervivente do tempo dos maias que, aínda que non ten corpo tecido de varas, senón feito de rolos de «zacate»[9], conserva a forma cónica e o teito vexetal, con apertura para enchelo igual ás das cabeceiras de Vivenzo, no concello de Melón (Ourense), e unha pequena trapela para baleiralo. Por último, Julio Caro Baroja fala[10] de tres tribos nativas americanas, os pomo[11], os maidú e os miwok, orixinarias da costa oeste dos Estados Unidos, que empregan construcións parecidas ás cabeceiras para gardar as landras, facendo esta referencia para afirmar que a orixe das cabeceiras non está nos pobos agricultores e a súa necesidade de gardar os excedentes, senón que xa vén dos pobos recolledores, posto que estes tamén teñen a necesidade de almacenar alimentos nas épocas de abundancia para poder consumilos no inverno. Esta cita de Caro Baroja fainos lembrar que antes da existencia do millo en Galicia, é dicir, antes do século XVII, xa existían en Galicia os hórreos e as cabeceiras, que eran empregados para gardar e secar os froitos do outono: castañas, noces, abelás e landras; e outros cereais e legumes cultivadas como eran o millo miúdo[12] ou a faba loba[13].

PARTES OU ELEMENTOS DUNHA CABECEIRA

Polo xeral, os nomes que reciben as partes dunha cabeceira son os mesmos para todos os autores recollidos na nosa bibliografía. Begoña Bas[14] di que en Guntín se lle chama «padías aos

[9] Herbas arrincadas enteiras, tanto a parte aérea como as raíces, misturadas con barro e coa terra na que crecen. É doado atopar imaxes de cuezcomates en Internet.

[10] *Los pueblos del norte de la península Ibérica* (1973), Editorial Txertoa, páx.176, na nota ao pé de páxina número 52 di: «Cabe afirmar, sin embargo, que contrucciones tales como los 'cabazos' tiene ya su origen en culturas de pueblos estrictamente recolectores, no productores. Es muy significativo que construcciones parecidísimas a ellos, hechos de ramaje y con planta circular, se encuentren precisamente entre los recolectores de bellotas como los pomo, maidú y miwok de California».

travesaños que rodean o piso». Entendo con isto que a mesa ou grade tamén recibe este nome. Ignacio Martínez[15] engade a esta nomenclatura catro termos máis: o nome de *estribos* para as varas e estadullos, *furas* para denominar os buratos que se fan na mesa para cravalos, *postigo* para porta ou trapela para baleirar o millo e por último *verga* para as corres. Sobre isto último hei de dicir que a cestería de vergas non é a mesma que a de corres, xa que a de vergas faise empregando latas ou tiras de madeira, e a de corres empréganse varas enteiras peladas ou sen pelar[16], polo tanto penso que non sería un termo axeitado para o caso da cabeceira, mais tendo en conta que ao cabo non deixa de ser unha técnica de cestería a que se emprega para facela.

TÉCNICA CONSTRUTIVA

Antes de falar sobre como se fai unha cabeceira hai que subliñar que hai tantas técnicas como construtores. A explicación a este feito é ben sinxela: todos eles aprenderon de pequenos, ben porque daquelas axudaron a facelas, ben porque viron como se facían. Sen outra guía que a memoria, cada un foi empregando os materiais que tiñan máis a man e que lles pareceron máis acordes cos tradicionais. Da mesma forma, a técnica, aínda que segue unhas regras básicas, é adaptada seguindo as súas lembranzas e engadindo as variantes ou melloras que cada un cre necesarias. Hai que ter en conta tamén que todos eles teñen coñecementos de cestería que, necesariamente, aplican ao traballo con maior ou menor habilidade. Esta habilidade xunto con todo o exposto anteriormente da como resultado cabeceiras con características únicas dependendo de quen sexa o autor[17] da mesma.

Os pasos básicos a seguir na construción poderían resumirse nos seguintes:

1. Recolleita e preparación da materia prima.
2. Fabricación da mesa ou grade
3. Encaixe das varas ou estadullos na mesa.
4. Entretecido das corres para formar o corpo da cabeceira.

[11] Os pomo habitan na baía de San Francisco, na costa californiana. Pola contra os maipú e os miwok habitan no interior do estado, nos vales ao pé de Serra Nevada.

[12] *Setaria italica*, tamén chamado paínzo, o seu cultivo estaba moi estendido en Galicia antes da chegada do millo.

[13] *Lupinus luteus*. Chamado «altramuz silvestre» en castelán e «tremoço amarelo» en portugués.

[14] Bas López, B., 1980: «Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, vol. 7, p. 192

[15] Martínez Rodríguez, I. (1979): *El hórreo gallego. Estudio geográfico,* Fundación Barrié de la Maza, 2ª edición de 1999. p. 184, A Coruña

[16] Kuoni, B. (2003): *Cestería tradicional ibérica*, p. 131, Ediciones del Aguazul, Barcelona.

[17] Respecto dos autores emprego sempre o masculino pois no tempo que levo recabando datos sobre as cabeceiras non puiden atopar mulleres que as fixeran, quedando claro que este traballo xa tradicionalmente era reservado aos homes. Só nun caso dos que coñezo foron os dous membros do matrimonio os que conxuntamente acometeron a construción, reservando as tarefas de maior esforzo físico para o home e as máis miúdas e repetitivas para ela.











6. Corres de salgueiro e abelaneira preparadas para traballar

7. Cabeceira de Manolo de Frádegas (Antas De Ulla)]

8. Detalles das distintas corres empregadas na cabeceira de Manolo

9. Detalle de cabeceira con teito de uz. San Mamede do Carballal. Palas de Rei

10. Detalle dunha cabeceira con teito de xuncas. Laxe. Agolada

5. Elaboración da estrutura do teito.
6. Cubrición do teito.
7. Construción dos pés e colocación da cabeceira.

Todos e cada un dos puntos anteriores son imprescindibles para conseguir o obxectivo final: a cabeceira. Mesmo son os pasos a seguir para a fabricación desas pequenas réplicas que algúns artesáns fan para adorno. Paso a falar máis polo miúdo de cada un dos puntos anteriores.

1. Recolleita e preparación da materia prima

Un dos motivos polo que, noutros tempos, o uso das cabeceiras estivo amplamente estendido en todo o territorio galego foi o escaso custo económico que supuñan as materias primas, xa que todos os materiais empregados eran recollidos directamente do medio natural que os rodeaba. É dicir, non eran cultivados co fin de ser posteriormente transformados, co custo de traballo e tempo que o cultivo en si supón, senón que se facía aproveitamento do bosque e sotobosque do entorno máis próximo. Hai que dicir que ademais existía (e aínda existe) o costume de plantar vimbios ou salgueiros nas sebes das fincas co fin, por un lado, de crear a propia sebe e, por outro, de ter un lugar fixo do que poder sacar as varas necesarias para realizar pequenos traballos de cestería de «autoabastecemento», sen necesidade de ter que saír ao monte buscalas.

Os materiais empregados tradicionalmente nas cabeceiras para as varas ou estadullos son o carballo ou caxigo[18] (*Quercus robur*), castiñeiro (*Castanea sativa*), abelaneira (*Corylus avellana*), e salgueiro[19] (*Salix sp.*). Para as corres empréganse carballo (*Quercus robur*), xesta (*Cytisus scoparia*), salgueiro[20] (*Salix sp.*), codeso (*Adenocarpus complicatus*), bídalo (*Betula sp.*), amieiro (*Alnus glutinosa*), que segundo o testemuño de Jenaro Cabana «non se mete nos cestos pero si nas cabeceiras porque ó podalo saen axiña moitas

[18] Na Ulloa non se emprega o termo caxigo para denominar á especie *Quercus Faginea*, senón para nomear aos carballos novos, ou en ocasións para referirse ao cerquiño (*Quercus Pyrenaica)*, aínda que digo isto último con reservas.

[19] As árbores de xénero *salix* teñen unha morfoloxía moi variable debido a facilidade coa que hibridan as distintas especies entre si, moitas veces é complicado saber a especie concreta coa que traballan os construtores.

[20] Respecto do tema dos salgueiros empregados, Carlos Fontales, no seu libro *Cestería de los pueblos de Galicia*, recollido na nosa bibliografía, fala na páxina 75 das tres clases máis estendidas: *Salix alba subsp. Vitellina*, con pel de cor amarela, empregada para atar as vides «pero lo que es bueno para atar vides es malo en cestería», e que eu vin empregar nas cabeceiras para atar as varas que compoñen a estrutura sobre a que se monta do teito; *Salix purpurea*, de pel verde oliva «más apropiada para el uso cestero» e *Salix fragilis*, de pel de cor escura. A miña percepción e que este último, xunto co *Salix atrocinerea* son os que se empregan máis a miúdo nas cabeceiras.





11. Corres de carballo fendidas na dobrez. A lúa tamén fai variar a elasticidade da pranta. A Veiga (Palas De Rei)

12. Mesa de eucalipto con 12 buratos. San Mamede do Carballal (Palas De Rei)

varas novas e sempre é fácil atopalo», e mimosa (*Acacia dealbata*) que aínda que nas últimas décadas converteuse en común nos traballos de cestería, a súa presenza nas cabeceiras é, de momento, anecdótica, xa que so atopei na cabeceira feita por Manolo de Frádegas e a súa muller, quen me dixo que a metía para darlle corpo a cámara porque era moi dura. Hai autores[21] que inclúen as corres de castiñeiro pero eu non puiden constatar o seu uso. Pedro De Llano[22] nomea tamén o sabugueiro (*Sambucus nigra*), pero penso que se debe a unha confusión co salgueiro, xa que o sabugueiro non é apto para traballos de cestería.

O teito ou cuberta facíase tradicionalmente de palla de centeo ou de xesta, empregándose un ou outro segundo a súa dispoñibilidade[23]. A día de hoxe, nos exemplares observados, pódese apreciar unha maior diversidade de materiais empregándose, ademais da palla e a xesta, codeso (*Adenocarpus complicatus*), uz (*Erica arborea*) e xuncas (*Juncus effusus*). As xuncas son empregadas moi frecuentemente, pero o seu uso e difícil de detectar a simple vista dada a súa semellanza coa palla de centeo. De feito, tendo en conta que cada vez hai unha maior dificultade para atopar colmo, o uso das xuncas estase xeralizando senón para todo o teito si para facer polo menos o carapucho ou remate final do cume.

A recolleita debe facerse sempre na lúa minguante (algúns tamén lle din lúa vella), neste punto a coincidencia é total: «Porque é cando ten máis liga e non rompe», «mira que eu non lle fago moito caso a isas cousas dos vellos cas lúas, pero nas corras si porque se tecen mellor». A explicación vén dada pola in-

fluencia que ten a lúa sobre o fluxo da savia ou zume entre as raíces e a parte aérea. Do mesmo modo que a lúa actúa sobre a auga do mar provocando as mareas, actúa sobre o zume das plantas facendo que nas fases chea e crecente este teña tendencia a situarse na parte máis alta da planta, mentres que na nova e no minguante hai máis concentración nas raíces. Este fenómeno está comprobado de maneira científica, concluíndo que é máis doado de observar en plantas de tallo alto e con escasas canles de circulación para o zume, como sería o caso das corres, e máis difícil de comprobar en plantas de baixa altura ou en plantas de tronco alto con moitas canles de circulación para o zume[24].

Respecto da época do ano que elixen para facer a recolleita, maiormente son os meses de novembro e decembro, nalgúns casos tamén xaneiro. Nestes meses a planta está en proceso de aletargamento, con niveis de líquido vital moi baixos, provocando un descenso dos niveis de azucres e polo tanto da glicosa na capa situada entre a cortiza e a madeira. Isto fai menos apetecible a planta para os xilófagos e confírelle unha maior duración no tempo. Aínda así atopei quen tamén recolle en agosto, e coa xesta e o codeso esperan a que caia a semente, o que pode acelerar ou atrasar a recolleita. Ás veces a época de recollida varía segundo o uso que vaia ter a cabeceira. Se vai para un xardín de adorno ou se se fai para gardar o millo, se é para uso propio ou se é un encargo para alguén alleo ao seu entorno. Respéctase a recollida en meses de inverno para o uso propio e para as cabeceiras que van cumprir a súa función como hórreo, e emprégase calquera outro mes nos demais casos. Iso si, sempre na lúa minguante.

2. Fabricación da mesa ou grade

A mesa é o soporte físico da cabeceira, a base na que se espetan as varas ou estadullos que fan de guía para a cámara. Pode ser de dous tipos: feita de madeira ou de pedra. A elección dunha ou outra vén dada, coma sempre, pola abundancia do material a empregar. Este feito vese moi claramente dentro da Ulloa: as cabeceiras do val teñen a mesa de madeira, as da zona que están preto do monte Farelo[25] son de pedra. A de madeira faise sempre de castiñeiro. Hai

[21] Caamaño Suárez, García Florez e De Llano Cabado.

[22] De Llano Cabado, P. (1983): *Arquitectura popular en Galicia*, p.294, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

[23] As cabeceiras eran os hórreos dos pobres e quen as facía tiña polo xeral recursos limitados. A palla era necesaria para os animais e se esta escaseaba empregábase a xesta na cabeceira nun intento de economizar os recursos.

[24] Torres Montenegro, A.V. (2012): «Influencia de la luna en la agricultura». Universidade de Cuenca, Facultade de Ciencias Agropecuarias. pp. 32-36. Monografía previa á obtención do título de enxeñeiro agrónomo.

[25] Monte de onde se saca pedra dende hai séculos e que na actualidade aínda ten unha canteira de granito na ladeira que pertence ao concello de Agolada.













13. Mesa de castiñeiro, Tarrio de Novelúa (Monterroso), con 20 buratos

14. Mesa e táboas do chán. Dorra (Antas de Ulla)

15. Mesa circular de granito. Buxán (Agolada). Fotografía de Manuel Busto

16. Mesa de dúas pezas, Froufe (Ponte da Barca, Portugal). Fotografía de Eladio Cortizo

17. Mesa cadrada de dúas pezas, Sobredo (Ponte da Barca, Portugal). Fotografía de Eladio Cortizo

18. Cabeceira con mesa de pedra, Laxe (Agolada). Fotografía de Manuel Busto

quen escolle pezas de castiñeiro vello e quen prefire empregar caxigo[26], porque, din, tarda máis en apodrecer e pódese aproveitar no caso de ter que refacer a cabeceira. A única excepción que atopei ás mesas de castiñeiro son as feitas por José López Ferro, quen ademais de castiñeiro usa rolos de eucaliptos novos, seguindo a máxima de *empregar os materiais máis abondosos no entorno próximo*, xa que José é natural de Hospital das Seixas, en plena serra do Careón, onde o cultivo do eucalipto se estende por boa parte do monte comunal.

Para comezar a fabricar a mesa faise un cadrado coas pezas de madeira, que se escuadran e unen con ensamblaxe a media madeira. É dicir fanse dúas caixas[27] da mesma medida en ambos os dous paus no lugar por onde queren unirse, xúntanse e máis tarde refórzanse con parafusos ou espigas, podendo ser máis ou menos rústicas dependendo do construtor. A mesa forma a base da cabeceira e polo tanto o seu tamaño determinará as dimensións desta. Na actualidade miden entre 70 centímetros e un metro, pero exemplares antigos que aínda se conservan en pé adoitan ser un pouco máis grande, chegando ao metro corenta. Outra das implicacións que crea o tamaño da mesa é que segundo sexa de grande así serán o número de buratos que se farán en cada un dos catro paus que forman o cadrado. Estes buratos fanse trazando un círculo (imaxinario ou non) sobre a mesa, dividíndoo en puntos equidistantes e tendo en conta que entre dous deses puntos irá colocada a trapela para baleirar o millo, feito que algúns aproveitan para facer un chisco máis grande ese espazo. O número de buratos adoita ser un múltiplo de catro, sendo o máis habitual 16, é dicir, catro buratos por pau, pero tamén pode ser de 12 (tres por pau) ou 20 (cinco buratos por pau). Aínda sendo isto o máis habitual, non quita de que aparezan mesas de 15[28] ou de 17 buratos. Por último, unha vez fabricada a mesa e feitos os buratos hai que cravar unhas táboas para cubrir o oco central da mesa. Estas exercerán de chan da cabeceira. Ás veces as táboas son cravadas antes de facer os buratos e é entón cando o seu número pode ser 15 ou 17. É dicir, o círculo faise sobre as táboas sen ter en conta se os buratos coinciden ou non cos paus.

[26] Ver nota 18.

[27] Cavidades ou rebaixes na madeira.

[28] Un exemplo de mesa con 15 buratos está na páxina 295 do libro de Pedro De Llano Cabado *Arquitectura popular en Galicia*.











19. Estadullo dobre. A Veiga
(Palas De Rei)

20. Cabeceira con ventos.
Tarrio De Novelúa (Monterroso)

21. Cabeceira antiga con ventos.
Barral (Ponte Da Barca, Portugal).
Fotografía Eladio Cortizo]

22. Tecido simple. Pedraza (Monterroso)

23. Tecido reforzado. Pidre (Palas De Rei)

A outra clase de mesas son as feitas en pedra, polo xeral empregando granito e, aínda que só atopei unha excepción ao granito, unha mesa de lousa de Areosa (Viana do Castelo, Portugal) que Eladio Cortizo recolle no seu libro *Os canastros*[29]. Non está demais volver sinalar que os materiais construtivos das cabeceiras sempre van en función da súa abundancia na contorna. O máis corrente é que á pedra se lle dea forma circular e que no seu borde se fagan os buratos, pero poden darse outras variantes: mesa circular feita con dúas pedras ou mesa rectangular no que se fan os buratos formando o círculo.

As mesas de pedra fan que as cabeceiras perdan unha das súas características: a mobilidade, xa que o peso da propia mesa fai que a colocación sexa a definitiva durante toda a vida da cabeceira, cousa que non ten porque suceder cando é de madeira.

3. Encaixe das varas ou estadullos na mesa.

Para facer o encaixe dos estadullos na mesa, acóstumase a sacarlle punta a vara e cravalas nos buratos xa feitos para iso. Os estadullos poden ser simples, empregando unha soa vara, ou dobres, cando á vara inicial se lle engade unha paralela para reforzar a estrutura.

Outro xeito de reforzala é engadindo *ventos.* Os ventos son oito varas que se engaden a maiores, cravadas en cada unha das esquinas na mesa[30] e que se entretecen coas principais, dende a metade da cámara cara arriba. Empréganse para conseguir maior aguante da cabeceira fronte a fortes ventos, de aí o seu nome. Na actualidade é un elemento en desuso, aínda que polas testemuñas debeu ser común noutros tempos.

4. Entretecido das corres para formar o corpo da cabeceira

A cámara da cabeceira faise entretecendo as corres que se vaian empregar por entre os estadullos ou varas guía. Para facela, úsanse dous tipos de entretecidos de cestería: un simple que recibe o nome de «cordóns de dúas varas» e outro múltiple ou reforzado que se chama «cordóns de dous gru-

[29] Cortizo Pascual, E. (2014): *Os canastros*, páx. 16, Blurb España. O traballo de Eladio Cortizo é unha recompilación de numerosas fotografías súas dos hórreos de Galicia e o norte de Portugal, deixando recollidos exemplos de cada unha das variantes posibles de hórreos existentes no territorio.

[30] Tamén hai casos de mesas de pedra con ventos, un exemplo é a mesa cadrada de Sobredo (Ponte da Barca-Portugal) recollida na fotografía 17, na que poden apreciar os buratos feitos para os ventos nas catro esquinas da mesa.













24. Estrutura interior do teito. No extremo inferior dereito póde verse o burato de carga tapado. Tarrio de Novelúa (Monterroso)

25. Estrutura móbil feita en madeira, con cango de corres. Seixós (Monterroso)

26. Detalle teito de tella. Antas de Ulla

27. Detalle amarre en palla. Seixós (Monterroso)

28. Teito mixto de xesta e xuncas. Castro de Amarante (Antas de Ulla)

29. Detalle teito mixto de palla e caños de millo con carapucho de plástico. Ludeiro (Antas de Ulla). Fotografía de Fernando Rodríguez Rodríguez. www.horreosdegalicia.com

pos de varas»[31]. No tecido simple vanse levando ao mesmo tempo dúas corres que se pasan alternativamente por riba e por baixo do estadullo. Esta técnica é a máis empregada na actualidade, aínda que tamén se utilizaba nas cabeceiras antigas cando se facían con corres de carballo gordas.

O múltiple ou reforzado xorde como solución ao emprego de corres excesivamente miúdas para dar a consistencia necesaria á estrutura da cabeceira. É dicir, o construtor non dispón de corres de grosor adecuado e suple esta deficiencia xuntando e torcendo varias para que fagan o efecto de ser unha soa. Despois o entretecido faise igual que se fose simple.

Hai que ter en conta que sempre se debe deixar sen tecer o oco onde máis tarde será colocada a trapela ou portelo para poder baleirar o millo. Mesmo hai quen non o deixa e logo recorta o burato asegurando despois as corres cortadas.

5. Elaboración da estrutura do teito

Antes de facer a estrutura do teito hai que decidir se este será móbil ou fixo. Isto dependerá da forma para encher a cabeceira. É dicir, de que esta operación se faga quitando toda a estrutura para volver colocala unha vez estea chea ou se se fará empregando un burato que se deixa no teito con ese fin e que se chama, precisamente, «burato de carga». Nas cabeceiras da Ulloa sempre se emprega este último. Se carecen del é por que se trata de cabeceiras para adorno de xardíns que non son empregadas para gardar o millo e, polo tanto, non precisan telo. Sexan móbiles ou non, a estrutura sempre precisa dun número de varas igual co que se empregou para facer a cámara. Nas estruturas fixas estas varas poden ser a continuación do estadullo ou ben varas independentes amarradas a eles para fixalas. De calquera xeito sempre van atadas todas no extremo superior. Unha vez están fixadas, engádeselle varias corras postas á mesma distancia rodeando a estrutura a modo de esteo, e que servirán de soporte ao material que se empregue para tapar.

Nas estruturas móbiles adoitase a facer un reforzo con corres na parte máis exterior, a modo de pequeno cango, e que fai moito máis recia e estable toda a armazón.

[31] Este nome é unha tradución directa do castelán achegada por Carlos Fontales (o autor de *Cestería de los pueblos de Galicia)* en resposta a unha pregunta miña sobre o nome da técnica. Segundo di Carlos: «La técnica es la misma en ambos casos. La diferencia está únicamente en trabajar con dos varas o con dos grupos de varas que se entrecruzan. No sé si tienen algún nombre en algún sitio de Galicia; yo no me lo he encontrado. La verdad es que en general la terminología cestera gallega, en cuanto a técnicas, es bastante pobre. Por mi parte, empleando la del castellano, lo denomino 'cordones de dos varas' o 'cordones de dos grupos de varas'».











30. Cabeceira apoiada en muro. Pedraza (Monterroso)

31. Pé dun só bloque. Gresulfe (Palas de Rei)

32. Pé de tres apoios. Pidre (Palas de Rei)

33. Pé de dous apoios xunto a un pé dun só bloque feito con varias pedras. Santo Xusto (Palas de Rei)

34. Apoio a catro pés con tornarratos. A Veiga (Palas de Rei)

6. Cubrición do teito

Como xa explicamos ao falar da recolleita da materia prima, a cuberta do teito facíase tradicionalmente de palla de centeo ou de xesta. Pero, como para o resto da cabeceira, a máxima de empregar os materias máis abondosos segue vixente. Pódense polo tanto atopar teitos de codeso, uz, xuncas ou caños de millo, e iso sen entrar nos novos teitos de tella ou os de plásticos negro para o silo, froito da adaptación aos materiais do entorno.

Unha vez escollido o material, que ha de estar ben seco para evitar que mingüe unha vez sexa colocado, a maneira de cubrir sempre é a mesma: dende abaixo cara a arriba, facendo un amarre do material na parte baixa, amarre que soe repetirse cara ao medio e á parte alta do teito. Ese amarre faise tradicionalmente con palla, corres ou varas, pero na actualidade poden empregarse cordas, arames, ou incluso neumáticos de bicicleta.

Os teitos non teñen por que ser só dun material. De feito, moitos deles son mixtos, é dicir, poden estar feitos de xesta e recubrirse con palla, ou pódese facer a parte baixa de codeso e a alta de xuncas, por citar dous exemplos.

O remate do teito, o carapucho faise revirando sobre si mesmas as pallas finais e amarrándoas. Na actualidade a maioría empregan xuncas para o carapucho, aínda que é común ver os remates con plásticos.

7. Construción dos pés e colocación da cabeceira

Unha das singularidades das cabeceiras é a súa mobilidade, algo que a día de hoxe non parece importante pero que si o foi anos atrás. As cabeceiras era coñecidas como os hórreos dos pobres, construídas por aqueles que non tiñan recursos para acometer a obra dun hórreo, ou simplemente por quen non tiña casa propia[32], como era o caso dos caseiros. Eran estes, os caseiros, os que máis estimaban a mobilidade da cabeceira pola súa necesidade de levala con eles cando cambiaban de terras. Conta José Vázquez Méndez, fillo de caseiros, que cando o seu pai cambiaba de arrendamento, se a cabeceira estaba ben subíase ao carro para levala á nova casa, porque ao ser contrato de «San Andrés a San Andrés[33]»

[32] Tamén eran feitas por quen si tiña hórreo máis que por exceso de colleita en bos anos non tiña onde gardalo.

[33] Os contratos de arrendamento das terras para caseiros facíanse de Santo Andrés a Santo Andrés, isto é de 30 de novembro dun ano ata 30 de novembro do seguinte. Esta data non é aleatoria senón que vén dada polas necesidades do campo. É dicir, ata novembro sempre se pode recoller froito da terra, sendo as castañas, as noces e nabizas o último en se recoller. É en decembro e xaneiro cando a terra precisa de volver ser traballada. Era lóxico, polo tanto, que para daquela xa houbese novo contrato.

sempre había millo dentro dela. Pola contra, se a cabeceira xa tiña varios anos, baleirábase o millo e facíase outra na casa nova. Tendo en conta esa mobilidade, así eran os pés. Se a casa era allea, os pés eran feitos con catro cepos de madeira ou aproveitando algún valado ou estrutura de pedra antiga feita por outros caseiros.

Cando a casa era propia o conto cambiaba, o pé facíase en pedra para así poder aproveitalo dunha cabeceira para outra. Existen tres clases de pés en pedra:

1. Os de un só apoio central sobre o que se asenta unha lousa que fai de tornarratos. Este tipo pódese facer de dúas formas: ben o apoio central é un so bloque de pedra, ben o apoio central son varias pedras colocadas de tal xeito que fan o efecto dun bloque.
2. Os de varios apoios con lousa sobre eles. Estes poden ser de dous ou tres apoios.
3. Os de catro pés, un para cada esquina da mesa. Soen levar unha pequena lousa que fai de tornarratos colocada entre o pé e a mesa. Este tipo é máis doado velo feito con cepos de madeira, ou na actualidade con tubos prefabricados de formigón.

O lugar onde colocar a cabeceira non está estipulado. Con todo, é común colocalas na parte traseira da casa, preto das cuadras dos animais e en lugares con algo de protección fronte a ventos fortes ou temporais, é dicir, cara ao nordés.

A xeito de remate sobre a construción da cabeceira e as súas fase e despois de todo o exposto, queda claro que o traballo de facer unha cabeceira non é para facer «nunhas horas poucas horas de traballo e sen apenas gasto», como di Alberta Lorenzo Asprés[34]. Certo é que non supoñía custo económico, pero o traballo non consiste en facer o corpo e xa está, senón que era a suma de distintos labores feitos durante certo tempo. Lola Tourón, mestra cesteira, asegura que «nestes traballos nunca se mirou moito o tempo, sempre se fixo a cousa con calma, adicando tempos intermedios a falar ou a facer outras cousas. Adicábaselles polo xeral poucas horas diarias, eran as horas mortas nos días de inverno que non había outros traballos urxentes. Estes traballos eran feitos por

[34] Lorenzo Aspres, A. (2014): «O sistema construcivo do hórreo galego», *O hórreo: patrimonio arquitectónico*, *Monografías*, nº 152, páx 67, Universidade da Coruña, A Coruña.

[35] Quentalas no lume para poder dobralas ben sen que rompan.









alguén da casa acompañado dun veciño etc...». Neste sentido, coincide co testemuño de José Vázquez Méndez, construtor, quen tamén di que se había apuro en facer a cabeceira «recollíanse corres de carballo moito máis gordas cas que lle meten agora e xuntábanse catro homes. Un home preparaba as corres, por se había que enqueiralas[35], outro metías entre os paos, outro pisábaas e o último xuntábaas ben dándolles cun mazo». Era así como se conseguía facer a cámara nunhas poucas horas.

35. Cabeceira rectangular con tellado de fibrocemento. Fufín (Monterroso). Fotografía de Fernando Rodríguez Rodríguez. www.horreosdegalicia.com

36. Un dos últimos exemplares en desaparecer. Feito en 1987 estivo en pé ata fai un par de anos. Condes (Friol). Fotografía cedida polos autores do blog www.terrasdefriol.blogspot.com.es

37. Cabeceira «viva» de bruzos. Carteire (Palas de Rei)]

38. Os pés de pedra das cabeceiras que ainda existen por Galicia son a proba do seu espallamento por todo o territorio. Vilar de monte (Carballedo). Fotografía de José Manuel González «Os Parentes»





39. Cabeceira de Vivenzo (Melón– Ourense). Fotografía de Fernando Rodríguez Rodríguez. www.horreosdegalicia.com

40. Palleira de Aris (Poio–Pontevedra). Fotografía de Pablo Eirín

AS CABECEIRAS RECTANGULARES

A orixe das cabeceiras é a estrutura circular, pero nos últimos séculos apareceu a cabeceira rectangular como unha adaptación ou intento de imitación dos hórreos rectangulares de pedra, e cuxo uso se estendeu masivamente pola nosa terra á mesma velocidade á que se impoñía o cultivo do novo cereal americano: o millo. Aínda que a maioría dos autores lle dan o nome de cabazo cando é rectangular, e cabaceira cando é redondo, eu non puiden atopar esa distinción entre os construtores actuais, que empregan o mesmo nome para as dúas formas. Isto tamén o fai a xente máis maior que se lembra deles. Na actualidade pódense considerar etnografía desaparecida. Os últimos exemplares en pé podíanse ver hai tres ou catro anos. En Friol recibía o nome de cabeceiro, pero polos datos que expón Elixio Rivas Quintás[36], é o mesmo nome que recibe nesa zona cando é redondo.

Para construílos empregábase a mesma materia prima entretecida como se fose circular, variando só a forma da mesa e escollendo paus máis gordos para entallar nas esquinas da estrutura. Si varía a cubrición, que se fai a dúas augas sobre unha armazón que adoita ter listóns de castiñeiro e que era cuberta da mesma forma e cos mesmos materiais que se fose unha cabeceira de base redonda. Baleirábanse pola unha porta feita con táboas nun dos penais ou no centro dun costal.

O máis parecido a estas estruturas que se pode atopar na Ulloa na actualidade é unha pequena cabeceira. Podería dicirse que é un híbrido entre as circulares e as alongadas, pois a súa base é elipsoidal, ten porta de táboas nun

dos penais e teito a dúas augas. Pero o seu tamaño é o dunha cabeceira circular.

DISTRIBUCIÓN DAS CABECEIRAS

Como xa explicamos, ao falar da orixe das cabeceiras pódense atopar estruturas semellantes en moitas partes do mundo, preto de nos –como é o caso do norte de Portugal– ou na outra parte do mundo –como é o caso dos celeiros de Nova Guinea. Dentro da nosa comunidade existiron en todo o territorio e foron desapareceron segundo foi avanzando o século pasado, producíndose unha «extinción masiva» a partir de finais dos anos 70, cando comeza o declive demográfico do rural galego.

Aínda así, foi no centro de Galicia onde as cabeceiras seguiron a ser utilizadas, seguramente como froito dunha marcada tradición de agricultura minifundista moi enfocada cara ao autoconsumo. É así como, en pleno século XXI, aínda existen cabeceiras «vivas» (vivas porque son empregadas para gardar o millo e non só como adorno de xardíns) en calquera dos tres concellos da comarca da Ulloa. Aquí é onde se atopa o maior número delas en todo o territorio galego. Fóra da Ulloa poden verse nos concellos lindeiros de Melide, Toques, Friol, Taboada, Rodeiro, Agolada e Lalín. Pero practicamente todas elas son empregadas como ornamento da casa en que están, co fin de non esquecer a nosa etnografía. Ademais, varias foron feitas por construtores ulloáns e logo levadas alí. Dentro da Ribeira Sacra hai algunha en Chantada e no Saviñao. Tamén poden verse na provincia de Ourense nos concellos achegados á capital: Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín ou San Cibrao das Viñas[37].
Hai que falar tamén do caso particular das cabeceiras de Vivenzo, na parroquia de Quins do concello de Melón (Ourense), onde se conserva unha eira con 16 cabeceiras (varias delas desfeitas), e que constitúen unha agrupación única en Galicia. Estas cabeceiras teñen unha estrutura diferente ás da Ulloa. Ademais do seu tamaño, moito maior cas nosas, conservan a peculiaridade de ter unha cubrición moito máis

[36] Rivas Quintas, E. (1996): *Millo e hórreo. Legumia e cestos*, páx. 253, Edicións Laioventо, Santiago de Compostela

[37] Existen cabeceiras de adorno noutros sitios de Galicia, feitas por artesáns que aprenderon a técnica nos últimos anos, froito dos cursos que promeveron algunhas institucións e asociacións.







41. Julio España. As Fontelas, Castro de Amarante (Antas de Ulla)

42. José Vázquez Méndez. Tario de Novelúa (Monterroso)

43. José López Ferro. San Mamede do Carballal (Palas de Rei)

grosa e longa, o que fai que o corpo quede practicamente cuberto polo colmo. Por outra banda, o burato de carga resulta ben visible, xa que é o único lugar por onde o corpo da cabeceira queda en descuberto.

Deixo tamén constancia da existencia das chamadas palleiras «de costráns», no concello de Poio (Pontevedra), das que Manuel Caamaño[38] ofrece descricións detalladas engadindo ademais un par de fotografías antigas. Na actualidade só existen dous exemplares nos lugares da Ucha e Arís, pertencentes a parroquia de San Xoán de Poio e das que se teñen noticias grazas ao artigo publicado polo historiador Andrés Dacosta Paz[39]. Estas palleiras teñen unha estrutura semellante as cabeceiras rectangulares. Son de maior tamaño e a técnica de entretecido das varas é diferente xa que nelas as varas trénzanse previamente entre elas, facendo cintas que logo son colocadas entre os estadullos. Tradicionalmente tiñan cubrición de palla de colmo pero, como é habitual nas construcións actuais con teito vexetal, os dous exemplares existentes xa non conservan.

A SITUACIÓN ACTUAL DAS CABECEIRAS

Como se explicou no punto anterior, a maior parte das cabeceiras vivas que se manteñen en Galicia están situadas dentro dos concellos da Ulloa, é dicir, nos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei. É tamén nestes concellos onde aínda existen construtores que non só as fan para eles e os seus veciños, senón que as constrúen por encargo para outras partes de Galicia. Estes construtores son xente xa maior, que teñen este traballo como un pasatempo ao que lle poden sacar unha pequena ganancia e que sobre todo están orgullosos de seguir mantendo «as cousas de antes». Tres exemplos destes construtores son Julio España, de Castro de Amarante (Antas de Ulla), José Vázquez Méndez, que aínda que vive en Tarrio de Novelúa (Monterroso), naceu en Chorexe (Palas de Rei); e José López Ferro, natural de Hospital das Seixas que vive en San Mamede do Carballal (Palas de Rei).

[38] Caamaño Suárez, M. (2003), *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, páx. 309-310, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, A Coruña.

[39] Publicado no *Faro de Vigo*, edición Pontevedra, o 5 de xaneiro de 2014.

Cada un eles fan cabeceiras únicas que, en xeral, representan os distintos tipos existentes, coas peculiaridades da, por unha banda, zona da Ulloa onde viven, e pola outra, das súas experiencias e lembranzas do pasado vivido. Por ese coñecemento do pasado son precisamente testemuñas necesarias para a recompilación de técnicas, usos e costumes sobre as cabeceiras deste estudo. Eles son só un exemplo, porque hai máis construtores aos que non se lle debería perder a pista, pois poden ser transmisores necesarios para a aprendizaxe de novas xeracións que queiran e estean dispostas a manter este saber. De feito, en anos pasados organizáronse cursos sobre a construción de cabeceiras no Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo[40] impartidos polo mestre cesteiro Carlos Fontales, quen á súa vez foi asesorado por Julio España –ulloán ademais construtor da cabeceira que está no paseo do río Rato, en Lugo.

Despois de todo o exposto neste artigo, queda patente que a singularidade das cabeceiras é tal que merecen ser consideradas patrimonio etnográfico, ou etnolóxico. Por ser dentro da area xeográfica da comarca da Ulloa o lugar no que aínda se manteñen vivas, deberían ser as autoridades locais as primeiras interesadas na divulgación e protección deste patrimonio, ben sexa dando axudas para manter en pé as cabeceiras actuais, ben sexa organizando cursos nos que se ensine o proceso de construción, ben colocando cabeceiras en lugares públicos para dalas a coñecer a propios e alleos á nosa terra.

A actual Lei de Patrimonio, no artigo 91, fala sobre os «bens que integran o patrimonio etnolóxico»[41], pero só recolle a protección dos hórreos de construción anterior a 1901. Polo tanto as cabeceiras non se poden acoller a este artigo, xa que ao estar feitas de materiais vexetais, a súa duración no tempo está moi limitada e, agás contados casos, nunca pasa dos 20 anos. No terceiro punto deste mesmo capitulo recóllese a protección «das construcións tradicionais de cuberta vexetal como pallozas e os chozos característicos das serra galegas», no que tampouco estarían recollidas as cabeceiras. A única posibilidade para ser recoñecidas como patrimonio

está no cuarto punto do citado artigo, que di: «As presuncións establecidas no punto anterior poden ser obxecto de revisión en función da situación e características do ben. Do mesmo modo, poderá recoñecérselles un significativo valor etnolóxico a bens non incluídos no punto anterior sempre que así se determine despois dun estudo pormenorizado». Queda polo tanto novamente en mans das autoridades locais a petición á Consellería de Cultura de facer os estudos correspondentes para incluír as cabeceiras no catalogo de bens culturais de Galicia.

Agradecementos: a Julio España, José Vázquez Méndez e José López Ferro polo tempo que perderon falando comigo; sen as súas contribucións non sería posible este traballo. A Manuel Busto (autor do blog *Aqualatam*), a José Manuel González (membro da cooperativa Os Parentes), a Fernando Rodríguez Rodríguez (creador xunto con Beatriz de la Torre Rey, da páxina hórreosdegalicia.com), aos autores do blog *Friol, algo máis que pan e queixo*, a Eladio Cortizo e a Pablo Eirín pola cesión totalmente desinteresada das súas fotografías empregadas neste traballo. Por último, agradézolle aos mestres cesteiros Lola Tourón e Carlos Fontales a súa axuda e aclaracións nos temas relacionados co seu oficio.

[40] Distintas asociacións de Galicia tamén impartiron estes cursos, como por exemplo A Eira da Xoana de Agolada, ou a cabeceira reconstruída na Lama (Pontevedra) por un campo de traballo internacional promovido polo concello.

[41] Lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Titulo VII. Capítulo III.

¶

BIBLIOGRAFÍA

Bas López, B. (1980): «Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, vol. 7.

Caamaño Suárez, M. (1998): «As construccións adxectivas», Cadernos Museo do Pobo Galego, 9, Santiago de Compostela.

Caamaño Suárez, M. (2003): As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, A Coruña.

Caamaño Suárez, M. (2014): «Os hórreos de Galicia», O hórreo: patrimonio arquitectónico, Monografías nº 152,Universidade da Coruña, A Coruña.

Cortizo Pascual, E. (2014): *Os canastros,* Blurb España.

De Llano Cabado, P. (1983): Arquitectura popular en Galicia, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela.

Días, J., Veiga de Oliveira, E. e Galhano, F. (1986): «Espigueiros portugueses». Hórreos y palafitos de la península ibérica, Ediciones Istmos, Madrid.

Fontales, C. (2005): Cestería de los pueblos de Galicia, Ir Indo Edicións, Vigo.

Frankowski, E. (1918): Hórreos y palafitos de la peninsula ibérica, Madrid, Museo nacional de ciencias naturales. Comisión de investigaciones palentológicas y prehistóricas, Madrid.

García Florez, M. C. (1993): «Cabaceiros de la comarca de la Ulloa», Narria nº 63–64, Museo de artes y tradiciones populares de Universidad Autónoma, Madrid.

Geada Uzal, A. (2003): «Tipoloxía de hórreos na comarca do Eume», Cátedra, Concello de Pontedeume, Pontedeume.

Gómez–Tabanera, J.M. (1986): «El hórreo hispánico como artefacto cultural», Hórreos y palafitos de la península ibérica, Ediciones Istmos, Madrid.

Gómez–Tabanera, J.M. (1986): «Estructuras palafiticas y arquetipos culturales», Hórreos y palafitos de la península ibérica, Ediciones Istmos, Madrid.

González Pérez, C. (1992): «Los hórreos gallegos», Narria nº 59, Museo de Artes y Tradiciones Populares de Universidad Autónoma, Madrid.

Kuoni, B. (2003): *Cestería tradicional ibérica*, Ediciones del Aguazul, Barcelona.

López Soler, J. (1931): «Los hórreos gallegos», Actas y memorias, Sociedad Española de Arqueología, etnografía y prehistoria. Tomo X, cuadernos 1º e 2º. Museo Antopológico Nacional, Madrid. Aparece recollido en reproducción facsimilar como anexo á primeira parte da edición de Hórreos y palafitos de la península ibérica de Eugeniusz Frankowski (1986), Ediciones Istmo, Madrid.

Lorenzo Aspres, A. (2014): «O sistema construcivo do hórreo galego», O hórreo: patrimonio arquitectónico, Monografías nº 152, Universidade da Coruña, A Coruña.

Lorenzo Fernández, X. (1979): Historia de Galiza (dirixida por Ramón Otero Pedrayo), tomo 2, Akal Editor, Madrid.

Martín Galindo, J.L. (2006): La arquitectura vernácula, Diputación de Badajoz, Badajoz.

Martinez Peñarroya, J. (1992): «De las casa de palos y ramas. Arquitectura tradicional de cubierta vegetal en España», Antiquitas, nº3, Museo histórico municipal de Priego de Córdoba, Priego de Córdoba (Córdoba).

Martínez Rodríguez, I. (1979): El hórreo gallego. Estudio geográfico, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.

Rivas Quintas, E. (1996): Millo e hórreo. Legumia e cestos, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela.

Rodríguez Castro–Rial, R., Sánchez Rancaño C. e Taboada Acevedo R. (1996): Estudio de construcción rural en el camino de Santiago: Palas de Rei, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Soraluce Blond, J.R. (2014): «O hórreo: patrimonio arquitectónico», O hórreo: patrimonio arquitectónico, Monografías nº 152. Universidade da Coruña, A Coruña.

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017